



# Blog Responsable

## Guía rápida para unha linguaxe non sexista

Versión 2.0 febreiro de 2008



Por F. Xavier Agulló i Garcia  
Coordinador de *BlogResponsable.com*  
Traducida e adaptada ao galego por Olga Castro

### 1> Aprender a falar de novo

Contábanme hai tempo que nunha convención de *vendedores* (sic) no sur dos EUA, que debía ter un título algo así como "Convention of *salesmen* (sic)..." do sector que fose, houbo un día unha certa polémica co material editado, pois estaba claro que non só estaban os *men*, senón que tamén estaban as *women*... e aí armouse unha boa lea. Teño que recoñecer que non caera na conta de que tamén o inglés padece dos típicos problemas de xénero das linguas latinas. No seu caso tiveron a sorte finalmente de contar coa inestimábel asistencia de *salespeople*.

Traballando en proxectos de responsabilidade social tense a sorte (pois coído que sempre é sorte) de estar sempre á última nas novas tendencias sociais. Cando nun proxecto para unha administración pública española se impuxo á concorrència como elemento a considerar na redacción de documentos unha **guía de linguaxe non sexista**, non creo que realmente chegase a ter idea do seu alcance. De feito semellaba algo molesto, pero contamos iso si coa inestimábel axuda dunha asociación. E aínda facendo un certo esforzo na redacción previa, pasa como coa corrección ortográfica e gramatical de textos: hai máis vermello ca negro. E aí semella xa que che cambiaron o informe...

E é que de súpeto **desaparecen os clientes** (sic), os provedores (sic), os traballadores (sic), os empresarios (sic)... e mesmo os funcionarios (sic)!! E é que un (sic) ten a sensación de que todo vai ser máis complicado: os/as clientes/as, os traballadores e traballadoras, os/as empresarios/as, as funcionarias e funcionarios... E iso acontece, coa percepción mesmo de certa molestia pola nosa parte. Pero pouco a pouco decátaste de que hai outro xeito de mirar, pensar, utilizar as palabras. Porque é unha sorte poder contar con palabras que non nos van abandonar: a clientela, o aprovisionamento, o persoal ou o cadro de persoal, o empresariado ou o sector empresarial... e por suposto o funcionariado. E pouco a pouco fun construíndo o meu propio vocabulario non sexista, no que acaba sendo unha busca divertida e apetitosa, como cando estás aprendendo a falar.

E estas aventuras, para nada aloucas, son o máis prazenteiras para quen temos a sorte de gozar cos **pequenos grandes cambios**. Co tempo comezas a te decatar de como nos medios de comunicación aínda son sexistas na súa linguaxe (sexan homes ou mulleres quen falen ou escriban), ao igual que acontece na publicidade e nos comercios, e igual que fan todas as persoas en xeral... E é que empezas a gozar da beleza dunha linguaxe sensíbel ás diferenzas (e ás igualdades). **Empezas a gozar de aprender a falar de novo.**

E que me desculpen, se hai algún sexismo que se coara, todos os usuarios do blog... digo o *usuariado*... Vaites! que non existe o termo... Pois estou seguro de que a sensibilidade social ben merece unha nova entrada no noso *dicionario social*, non si?

Publicado en [Blog Responsable](#) o 5/9/06: [Aprender a falar de novo](#)

A linguaxe en si mesma non é sexista, éo o uso que dela facemos



[www.blogresponsable.com](http://www.blogresponsable.com)



## 2> Definición

Entendemos por linguaxe sexista o **uso exclusivo dun dos dous xéneros** (en xeral o masculino) para referirse a ambos, excluindo ao outro (aínda que esta exclusión sexa, como na maioría dos casos, involuntaria). Os entes reguladores das linguas xustifican o uso deste masculino polo principio de “economía lingüística”, dado que relacionan unha linguaxe non sexista coas dobres formas (p.e. cidadás e cidadáns, aínda que logo por “economía lingüística” se use só o masculino); pero en realidade este principio é un falso tópic. A modo de exemplo podemos citar outros tópicos que se utilizan arredor do uso non sexista da linguaxe:

- > **Seica xera inflación de palabras.** Este é o motivo principal aducido polas academias da lingua para non recomendalo. Nesta guía precisamente veremos como non ten por que ser necesariamente así.
- > **Seica xera impersoalización.** Algunhas solucións que se van propor, como o uso de termos xenéricos ou impersoais, poden supor para moitas persoas unha despersonalización. Cando se usa ‘cidadanía’ no canto de ‘cidadáns’, hai quen ten a sensación de perder trato persoal. De feito, a clase política é ávida no uso de dobres formas xustamente por este motivo. En calquera caso, esta percepción é estritamente cultural, e resulta posíbel cambiala. Ademais, o uso non sexista da linguaxe invita a crear decote novos conceptos coas palabras que pode facela máis bonita e atractiva.
- > **Seica non é necesaria se non hai mala intención.** Polo xeral, é difícil atopar situacións nas que realmente haxa mala intención, e moitas veces trátase simplemente de preguiza, insensibilidade ou descoñecemento. Por outra banda, limitar o uso non sexista a evitar situacións con ‘mala intención’ é totalmente subxectivo.
- > **Seica coarta e limita a riqueza da linguaxe.** Dado que a cotío resulta necesario deixar de usar certos termos ou conceptos, e dado que a cotío tamén o coñecemento do uso da lingua é limitado por parte dunha maioría da poboación, o uso reiterado de termos comodín como ‘persoa’ pode xerar unha sensación de perda de riqueza. Nesta guía verase como non ten por que ser así.
- > **Seica hai cousas máis importantes polas que loitar.** Sempre haberá, diante de calquera cuestión, aspectos máis importantes polos que ‘loitar’. Pero quizais cómpre lembrar que existen escolas de pensamento, como a [programación neurolingüística](http://es.wikipedia.org/wiki/PNL) (PNL: <http://es.wikipedia.org/wiki/PNL>), que se basean precisamente en como a linguaxe usada modela comportamentos e condutas persoais e colectivas.

O uso non sexista da linguaxe forma parte do que se chama **linguaxe incluínte, inclusiva ou integradora**, que, máis alá dos sexismos, abarca en si mesma moitos outros conceptos máis complexos no seu desenvolvemento e comprensión, como a relixión, culturas, tópicos, inmigración ou razas. Esta guía práctica céntrase exclusivamente nunha parte da linguaxe incluínte, a non sexista.

### 2.1> Exemplos do que non son sexismos

O concepto do uso sexista da linguaxe está suxeito, dígase o que se diga, a unha complexa subxectividade. En calquera caso non se consideran usos sexistas os seguintes:

- > A terminación en ‘a’ ou en ‘o’ non debe inducir a erro, pois pode ser igualmente unha palabra ‘neutra’.
  - o Pobo non é masculino, senón neutro.
  - o Neste sentido valórase como non pertinente e totalmente desenfocado, ademais de impropio dun xornalista de reputada traxectoria como Héctor Abad Faciolince, o discurso usado  [neste artigo](http://www.semana.com/wf_InfoArticulo.aspx?IdArt=96492) ([http://www.semana.com/wf\\_InfoArticulo.aspx?IdArt=96492](http://www.semana.com/wf_InfoArticulo.aspx?IdArt=96492)).



- > Un termo que por definición é neutro, como 'líder', non é baixo ningún concepto un sexismo. Polo tanto, a busca de novos termos que diferencien o xénero masculino do feminino valórase como non pertinente, pois precisamente vai en contra da filosofía do uso non sexista da linguaxe. Así pois, non procedería a invención do termo 'lídera'.

## 2.2> Exemplos de usos sexistas da linguaxe

Máis alá dos casos evidentes de uso de termos no seu xénero masculino (ben sexa singular ou plural), podemos definir outras situacións, máis ou menos evidentes, de uso sexista:

- > Uso do **artigo masculino** (ou feminino) acompañando a un substantivo de xénero común: 'o profesional'. Veremos como solucionalo de xeito doado.
- > Uso da habitual expresión '**todos**'. Veremos como solucionalo de xeito doado.
- > **Incoherencias internas**: utilización de pronomes verbais do masculino para referirse a ambos xéneros, aínda facendo referencia a termos femininos, ou uso de referencias posteriores a un suxeito definido previamente. Así, resulta doado atopar textos que falan de 'empresas', e posteriormente inclúen referencias como 'prefiren non dar o primeiro paso para estar *seguros* de que funciona'.
- > En dobres formas, a **orde si importa**. É habitual atopar, malia valorar o esforzo de quen as usa, o masculino sempre diante do feminino (cidadáns e cidadás ou cidadáns/ás). Veremos como solucionalo de xeito doado.
- > Os **tópicos sexistas** considéranse tamén un claro exemplo de linguaxe sexista. Así, sería posíbel atopar un titular sexista como '*Importantes líderes empresariais e elegantes empresarias*'.
- > **Uso asimétrico** de masculino e feminino. Tórnase habitual ouvir 'os musulmáns' e en cambio usar 'as mulleres musulmás' ao facer referencia a mulleres.

## 3> Recursos

Pódense clasificar os recursos en tres tipos, en función do seu obxectivo: obter unha linguaxe neutra ou común, destacar ambos xéneros ou evitar tópicos sexistas.

### 3.1> Para obter unha linguaxe neutra

- > **Uso de xenéricos**. Existen nas nosas linguas termos tanto masculinos como femininos que se refiren a ambos sexos.
  - o *Cientes* → Clientela
  - o *Nenos* → Crianzas
  - o *Provedores* → Proveduría
  - o *Competidores* → Competencia
  - o *Traballadores* → Persoal / cadro de persoal / persoas contratadas / etc.
  - o *Amigos* → Amizades
  - o *Consumidores* → Consumo
  - o *Cidadáns* → Cidadanía
  - o *Director* → Dirección
  - o *Os accionistas* → O accionariado
- > **Uso de nomes abstractos**
  - o *Moitos invitados* → Moitas persoas invitadas
  - o *Os americanos* → A poboación americana / A cidadanía americana



- *Traballadores* → Persoas traballadoras
- *Políticos* → Clase política
- *Famosos* → Xente famosa
- Todos sabemos → *Todo o mundo sabe* / *Ben se sabe* / *De sobras é sabido* / *A xente sabe*
- Como *moitos* pensan → Como *moita xente* pensa / Como se adoita pensar
- > **Pronomización (o uso de quen)**
  - Os *lectores* deste blog → *Quen le* este blog
  - Os *viaxeiros teñen que agardar* → *Quen viaxa ten que agardar*
  - *Os que* pensan que → *Quen* pensa que
  - *Os traballadores da empresa* → *Quen traballa na empresa*
- > **Reconceptualización (buscar outros termos para expresar o mesmo)**
  - Invención de *algúns autores agudos* → Invención *dalgunhas mentes agudas*
- > **Reverbalización (substituír os verbos 'ser' e 'estar' por 'ter' ou por formas reflexivas)**
  - Están *comprometidos* coa sustentabilidade → *Teñen un compromiso* coa sustentabilidade
  - Somos *apaixonados* → Temos paixón
  - Quen achega a una ONG *está obrigado* → Quen realiza unha achega a unha ONG *obrigase*
- > **Desartiguización (eliminación do artigo en substantivos neutros)**
  - Fun *cuns* colegas profesionais → Fun con colegas profesionais
- > **Coherencia en pronomes e referencias a substantivos anteriores (evitar os pronomes verbais ou usos de xeito coherente)**
  - (Nun texto que fale de inmigración) ...e non *tratalos* como inferiores → ...e non tratar como inferior á xente que acaba de chegar (ou simplemente *tratala* se previamente temos introducido a palabra 'xente').
- > **Velar polo uso simétrico de masculinos e femininos (e en xeral de TODA a linguaxe)**
  - 'Os musulmáns' versus 'as *mulleres* musulmáns' → simplemente 'as musulmáns'
  - A asimetría é precisamente o motivo principal do concepto máis amplo de 'linguaxe non incluínte'. A cotío podemos ler 'un home mata á súa muller nunha liorta doméstica' ao falar de suxeitos autóctonos, e en cambio 'un *marroquí* mata á súa muller nunha liorta doméstica' cando se trata de inmigrantes.
- > **Uso de xenéricos inventados.** Para os casos en que non exista un xenérico claro, debemos ser capaces de contribuír á lingua con algún ben formado etimoloxicamente posto que, en calquera caso, antes có dicionario lingüístico, o que máis importa é o dicionario 'social'.
  - *Usuarios* → Usuariado

### 3.2> Para destacar ambos xéneros

En xeral os recursos que se poden considerar máis valiosos son os que conseguen unha linguaxe neutra. Pero en función das situacións a describir, pode resultar de interese remarcar ambos xéneros. Para estes casos dispomos das dobres formas e, en menor medida, doutros recursos menos formais.

- > **Uso de dobres formas.** Para non excluír a un dos dous xéneros (o feminino en xeral) e ante a inexistencia ou imposibilidade estilística de usar xenéricos, cómpre citar ambos xéneros.
  - En artigos e substantivos: *Os traballadores* → 'Os e as traballadoras' ou 'as traballadoras e os traballadores', 'traballadores e traballadoras', etc.
  - Só en artigos: *Os xornalistas* → As e os xornalistas.
  - **A ORDE IMPORTA!!**
    - Por educación. Do mesmo xeito que non é de educación dicir "eu e os meus amigos", senón que dicimos "os meus amigos e máis eu", se son home direi "as miñas amigas e amigos" e se son muller "os meus amigos e amigas".
    - Por criterio alfabético. Tamén podemos decidir seguir un criterio de tipo alfabético á hora de decidir que xénero vai primeiro. Deste xeito, diríamos "o



tradutor ou a tradutora” ou tamén “o autor ou autora”, mentres que pola contra diríamos “as nais e pais”, “as mozas e mozos”, “benvidas e benvidos”, etc.

- Por inclusión. Alternativamente, aínda que é un recurso que pode resultarlle estraño a moita xente, é tamén factíbel a alternancia a longo do texto da orde, remarcando así que o feminino inclúe ao masculino, e viceversa, mesmo en frases feitas: ‘quen asistía ao concerto amontoábase cara ao escenario; unhas e outros querían estar o máis preto posíbel do seu grupo favorito’.
- > **Uso das barras.** Polo xeral é un recurso a evitar, xa que existen outros termos xenéricos e curta a lectura. Porén, se non existe outra posibilidade si resulta útil nalgúns casos concretos, como por exemplo cando falta espazo, nunha listaxe de cargos, en formularios, etc. P.e. director/a, operaria/o, secretaria/o, xefe/a... (malia que moitos deles teñen xenéricos: dirección, operacións, secretaría, xefatura,...)
- > **Uso da arroba (@).** En galego, como noutras linguas peninsulares, creouse un certo hábito a usar o símbolo @ en termos de dobre xénero, en termos que rematan en ‘a’ ou ‘o’ para feminino ou masculino respectivamente. É un recurso informal e non normativo, polo que o seu uso debe limitarse a medios ou momentos de linguaxe moi informal como mensaxes SMS, correos electrónicos, etc.

### 3.3> Tópicos e bromas

- > **Evitar tópicos.** Os tópicos, máis comúns na linguaxe oral que na escrita, deben tamén evitarse a toda costa. P.e. *Importantes líderes empresariais e guapas empresarias.*
- > **Bromas sexistas.** Xa sabemos de que van, non si? Daquela, fagamos un esforzo...

## 4> Glosario

- **Accionistas (os)** = Accionariado (o)
- **Afeccionados e socios...** = A afección, as persoas socias...
- **Americanos** = Poboación americana, cidadanía americana
- **Amigos** = Amizades
- **Antepasados** = Ascendencia
- **Autores** = Autoría, quen asina
- **Cada un** = Cadaquén, cada cal
- **Comprometidos** = compromiso, teñen un compromiso
- **Consumidores** = Consumo, quen consume
- **Cidadáns** = Cidadanía
- **Clientes** = Clientela, quen merca
- **Competidores** = Competencia, empresas competidoras
- **Director** = Dirección
- **Doutores** = Hospital, persoal médico ("dixéronlle os doutores"="dixéronlle no hospital")
- **Dono** = Propiedade
- **(Implica) Estar limpos** = (Implica) Pulcritude
- **(Vivimos) Empeñados** = Vivimos con empeño
- **Famosos** = Xente famosa, xente VIP
- **Indíxenas** = Poboación indíxena
- **Invitados** = Persoas invitadas, asistencia
- **Lectores** = quen le, audiencia, público lector
- **Os que pensan que** = Quen pensan que
- **Os demais** = O resto da xente, outras persoas
- **Moitos pensan** = Como moita xente sabe
- **Nenos** = crianzas, Infancia, criaturas, menores
- **Políticos** = Clase política
- **Relatores** = Conferenciantes
- **Provedores** = Proveduría, aprovisionamento, empresas provedoras ou simplemente 'provedoras' (por coherencia, pois son empresas, entidades, maquilas, fábricas, organizacións, persoas,... os termos femininos os máis xerais, agás se previamente se fai referencia a termos máis específicos como 'obradoiros')
- **Si mesmos** = cada cal, cadaquén
- **(Para) Todos** = (Para) Quen sexa, todo o mundo
- **Todos sabemos** = Todo o mundo sabe / De sobras é sabido



- **Empregados** = persoal, cadro de persoal, quen traballa
- **Empresarios** = Empresariado
- **Españois** = A xente española, a poboación española, persoas con residencia en España
- **Galegos** = A xente galega, o pobo galego, a poboación galega, persoas que viven en Galiza
- **Expertos** = Xente experta, quen saben
- **Traballadores** = Persoal, cadro de persoal, persoas traballadoras, persoas que traballan
- **Usuarios** = Usuariado
- **Viaxeiros** = quen viaxan
- **Voluntarios** = Voluntariado

## 5> A linguaxe non sexista non ten porqué xerar 'inflación' de palabras

É, como comentábamos, un dos principais motivos polos que se ridiculiza a linguaxe non sexista. Pero vexamos un exemplo extraído do novo regulamento da Cámara andaluza, que precisamente intenta ser non sexista (en calquera caso agrádecese a intención):

*"Artigo 2. A sesión constitutiva será presidida, inicialmente, polo Deputado ou Deputada electo de maior idade dos presentes, asistido, en calidade de Secretarios, polos dous máis novos."*

Neste parágrafo seguen a existir cinco sexismos:

1. "Deputado ou Deputada ELECTO"
2. "de maior idade DOS presentes"
3. "ASISTIDO"
4. "en calidade de SECRETARIOS"
5. "POLOS dous máis NOVOS"

Un texto adaptado a un uso non sexista da linguaxe podería ser o seguinte:

*"Artigo 2. A sesión constitutiva será presidida, inicialmente, pola persoa Deputada electa de maior idade de entre as presentes, coa asistencia, en calidade de Secretaría, das dúas máis novas."*

Se contamos palabras, vemos que só ten dúas palabras máis, e iso non é 'inflación'.

---

### PARTICIPACIÓN E AGRADECIMENTOS:

Faga as súas achegas en [coordinacion@blogresponsable.com](mailto:coordinacion@blogresponsable.com) ou en (<http://sin-sexismos.blogresponsable.com>) para a continua mellora desta guía.

[BlogResponsable.com](http://BlogResponsable.com) é un sitio web libre de linguaxe sexista. Visite o sitio web (<http://sin-sexismos.blogresponsable.com>) para actualizacións desta guía práctica ou para consultar o glosario de termos non sexistas que se quere desenvolver.

*Agradecementos pola súa colaboración e achegas: ao equipo de Blog Responsable (Cris Almirall, Rosa Alonso, Richard Andrade, Emilio J. Blanco Lobejón, Oscar Chamat, Joana Demestre, Fernanda Figueroa, Leticia Gasca, Aldonza González, Carolina Herrero, Alexandra Millán, Cris Pérez Vázquez, Mirna Rivera e Yesenia Torres), e a Sonia Ruiz, Eulàlia Lledó, Carme Pérez, Soledad Flaubert e Olga Castro (quen á súa vez traduciu e adaptou a guía ao galego). Grazas tamén á Asociación SURT.*